

BASES DA PROMOCIÓN "RASCA E GAÑA" DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTE E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO

A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTE E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO (ACEBE CCA) pon en marcha a campaña "Rasca e gaña". ACEBE CCA emitirá un total de 8.500 papeletas "Rasca e Gaña" para o sorteo de 1.030 premios, e entregará 50 boletos a cada un dos seus establecementos asociados.

O reparto de boletos aos clientes efectuarase entre o 7 e o 18 de setembro de 2020 ou ata fin de existencias nos comercios e empresas pertencentes á asociación.

Para que o boleto teña validez é imprescindible que estea selado polo establecemento emisor. Será criterio do responsable do establecemento comercial decidir o número de boletos a entregar a cada cliente segundo o volume de compra e ata finalizar as existencias.

PREMIOS:

- 1.000 bolsas tela de algodón reutilizables.
- 30 acebecheques de 50 € cada un.

No caso de atopar un premio de bolsa de tela o premiado terá que solicitala no mesmo establecemento que lle entregou o boleto premiado e entregar o boleto a cambio.

No caso de atopar un premio de acebecheque nunha papeleta, o interesado terá que dirixirse co boleto premiado á oficina de ACEBE CCA, ubicada na Pza. Mestre Xosé Dapena Nº 1 de Betanzos, en horario de 10:00 a 14:00 h. de luns a venres, onde o persoal da oficina se ocupará de xestionar a entrega do agasallo. En ningún caso os premios serán canxeables polo seu valor en efectivo. Non se considerarán válidos os boletos premiados cando non estean selados polo establecemento emisor ou cando nos mesmos se aprecien roturas, tachaduras, enmendas ou deterioros, ou cualquera outra alteración ou manipulación que impida ou dificulte a súa total e perfecta identificación e autenticación como boletos premiados.

Cada acebecheque deberá ser canxeado integramente nunha compra de importe igual ou superior ao valor do acebecheque. Se a compra fose de importe inferior ao acebecheque non poderá recibir o cambio correspondente, perdendo a diferenza. Non se permite a utilización do acebecheque como medio de disposición de efectivo.

Os gañadores dos acebecheques terán que confirmar a aceptación do premio por escrito para poder recibilo mediante a sinatura dun documento que lles entregará ACEBECCA.

Os premios dos acebecheques estarán suxeitos a ingreso a conta do IRPF, que correrá a cargo de ACEBE.CCA.

CONDICIÓNS XERAIS DA PROMOCIÓN:

Non poderán participar na promoción o titular, os empregados ou ascendentes/descendentes directos do titular do establecemento emisor do boleto. Si poderán participar nos emitidos por outros establecementos asociados. Non poderán participar en ningún caso os empregados de ACEBE.CCA nin os membros da Xunta Directiva da Asociación. Os premios só poderán ser entregados a persoas maiores de idade. No caso de que algún premiado sexa menor de 18 anos a entrega realizarase aos seus titores legais, que deberán acreditar documentalmente a súa condición.

Os acebecheques só se poderán canxear nos establecementos asociados a ACEBE CCA. O listado de establecementos estará dispoñible a través da páxina web: www.comerciodebetanzos.com.

A data límite para reclamar o premio é o 15 de outubro de 2020.

Os concursantes poderán consultar as bases do presente sorteo durante o período no que estea vixente a promoción na páxina web: www.comerciodebetanzos.com.

Os premiados autorizan a ACEBE CCA para utilizar publicamente o seu nome e imaxe en medios de comunicación, en redes sociais e en calquera soporte divulgativo relacionado coa Campaña "RASCA E GAÑA" de ACEBE.CCA.

A participación no sorteo implica a aceptación íntegra das bases.